

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN JUANA DE VEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO SOBRE ACTUACIÓNS NO RECINTO FORTIFICADO DO CASTELO DE MONTERREI

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación Juana de Vega o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Juana de Vega para a realización dun estudo sobre as posibilidades de actuación na fortaleza de Monterrei para o desenvolvemento da rehabilitación e a súa posta en valor.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade, e para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A celebración do Ano Santo Xacobeo nos anos 2021 e 2022 constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así



como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

Neste contexto e no marco dos fondos Next Generation, a Xunta de Galicia formulou o Plan Xacobeo Next Generation. Posta en valor dos BICs do Camiño de Santiago, aprobado polo Consello da Xunta na súa reunión de 24 de febreiro de 2022, para dedicar unha importante financiación a este obxectivo de conservar os bens de interese cultural e permitir que poidan seguir sendo desfrutados polas xeracións futuras.

A maiores disto, preténdese diversificar a oferta e desenvolver recursos turísticos, centrándose de xeito especial no investimento en zonas de menor densidade de poboación. Deste xeito, búscase a consolidación da poboación en zonas máis despoboadas e preténdese impulsar turisticamente esas poboacións e as súas comarcas.

No ámbito do Plan Turístico Nacional Xacobeo 2021-2022, a Xunta de Galicia propuxo actuacións en bens de interese cultural, tendo en conta a propia limitación da convocatoria nacional que os limitaba a bens de titularidade pública. No marco desta convocatoria, o prazo para executar as actuacións subvencionables é ata o 31 de outubro de 2025.

Terceiro.- A Fundación Juana de Vega é unha entidade privada de natureza non lucrativa, que segundo consta nos seus estatutos ten por obxecto promover, mediante as iniciativas que estime precisas, por si soa ou en colaboración con persoas ou entidades públicas ou privadas, o coñecemento, conservación e desenvolvemento do medio rural de Galicia, con especial dedicación á formación da súa poboación activa, á preservación da súa contorna natural e humana e á mellora da súa base económica e das actividades con ela relacionadas.

Entre as liñas de traballo que a Fundación leva a cabo para cumprir co seu obxectivo fundacional, está a liña de paisaxe e territorio que desenvolve a través da ESCOLA GALEGA DA PAISAXE JUANA DE VEGA creada no ano 2008 como órgano interno da Fundación e sen personalidade xurídica propia. Os obxectivos da Escola Galega da Paisaxe son promover o estudo, a investigación, a formación, a difusión e o intercambio de coñecemento, e a sensibilización e concienciación da sociedade en materia da paisaxe e en temas con ela relacionados. Na procura dos seus obxectivos, a Escola Galega da



Paisaxe fomentará a colaboración coas administracións públicas, as universidades, os centros de ensino, as empresas, os medios de comunicación, os colectivos profesionais e a sociedade en xeral.

A Escola Galega da Paisaxe conta cun Comité de expertos formado por un mínimo de 7 membros e un máximo de 15, que son nomeados por un período de cinco anos, así como cun Grupo de Investigación formado por expertos en Arquitectura da Paisaxe e Paisaxismo.

Cuarto.- A fortaleza de Monterrei conta con catro edificacións nas que a titularidade pública está actualmente acreditada, sendo tres delas as que poden ser destinadas a actividade turística:

- **CUARTEL DE INFANTERÍA.** É un edificio situado no lateral este de a "Praza do Mercado". Ten 2 plantas e unha superficie construída aproximada de 166 m². Na actualidade está bastante deteriorado, con problemas importantes na súa cuberta, que afectan xa á súa estrutura interior.
- **ANTIGO CONCELLO.** Corresponde a un edificio situado no lateral norte da "Praza do Mercado" do que actualmente só quedan en pé o arranque dalgúns muros. Estímase que a súa planta total podería ter unha superficie construída aproximada de 391 m².
- **EDIFICIO PORTA DO NORTE.** Corresponde aos restos dun edificio situado no lateral norte do recinto, do que na actualidade só queda en pé un dos muros. Estímase que a súa superficie construída podería ser de aproximadamente 368 m².

O proxecto a desenvolver a través do presente convenio de colaboración é a realización dun estudo das posibilidades de actuación na zona para desenvolver un proxecto de rehabilitación e posta en valor da fortaleza na que se contemplan o desenvolvemento de produtos de proximidade enogastronómica e a restauración estrutural e paisaxística de diferentes puntos da fortaleza.

Quinto.- A colaboración entre as partes asinantes responde ao interese común para a posta en valor dun recurso turístico singular, o que tamén contribuirá á revalorización do turismo da Comunidade Autónoma.



Esta posta en valor, a través da mellora dun BIC integrado nos Camiños de Santiago e o atractivo turístico do proxecto constitúen o activo inmaterial que se obtén coa colaboración establecida no presente convenio.

Por este motivo, a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio, por razóns de interese público e social.

Así mesmo, dado o obxecto do presente convenio e que para a súa execución a Fundación aporta a experiencia da Escola galega da paisaxe da que carece calquera outra entidade e unha ampla rede de contactos e expertos nacionais e internacionais no eido do patrimonio cultural e paisaxístico, e pola dilatada experiencia e especialización neste ámbito, non resultando posible promover a concorrència.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

